

## **ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS DO CURSO 2021-22**

Adecuación da programación didáctica á Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación da ESO no sistema educativo de Galicia.

As novidades que se aplican no curso 21/22 son as seguintes:

- Haberá tres avaliacións parciais.
- A terceira avaliación parcial terá lugar o día 7 de xuño de 2022.
- Haberá unha única avaliación final, que se realizará o 23 de xuño. Polo tanto, desaparece a convocatoria extraordinaria. A cualificación definitiva da materia farase efectiva nesta avaliación final ordinaria.

### **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

#### **1. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ESO:**

O período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e/ou consolidación dos contidos traballados durante o curso.

#### **2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NA ESO:**

##### **Procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación**

A nota da terceira avaliación calcularase segundo o procedemento fixado en cada curso para a primeira e segunda avaliación na programación didáctica do Departamento de Matemáticas para o curso 2021-2022.

Os alumnos ten, tal e como se fixa na programación, a oportunidade de realizar dúas probas de recuperación tras a primeira e segunda avaliación. Se aínda así non as recupera ou suspende a terceira avaliación: Entre o 6 e o 22 de xuño, o alumnado que teña unha ou varias avaliacións suspensas fará unha proba de recuperación das mesmas.

##### **Procedemento para acadar a nota final**

*Alumnado con algunha das avaliacións non superada a data 6 de xuño:*

- A nota da ou das avaliacións que o alumnado teña suspensas calcularase como unha media ponderada na que contará un 40 % a nota orixinal da avaliación e o 60% a nota da proba de recuperación. Se a proba de recuperación está aprobada (5 sobre 10), o alumno recupera a avaliación aínda que a media ponderada sexa menor que 5 e, polo tanto, a nota da avaliación será un 5.
- A nota final calcularase facendo a media das tres avaliacións (substituíndo a nota das avaliacións suspensas pola da recuperación coa media ponderada anterior).
- Para aprobar a materia será necesario ter unha media das tres avaliacións igual ou superior a 5
- Tanto nas avaliacións parciais coma na ordinaria, as puntuacións serán aproximadas por redondeo.

*Alumnado coas 3 avaliacións aprobadas a data 6 de xuño:*

- A nota final calcularase facendo a media das notas das tres avaliacións.
- A nota media das tres avaliacións poderá ser incrementada ou diminuída ata 1 punto mediante unha proba na que se valorarán as actividades de ampliación abordadas no período entre o 6 e 22 de xuño